



**Concello de
Dodro**

Lg. Tallós,32 - 15981 Dodro (A Coruña)
CIF: P1503300D
Tfno: 981 802 062 Fax: 981 802 142
info@concellodedodro.org
www.concellodedodro.org

ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN

O Pleno da Corporación do Concello de Dodro, en Sesión Ordinaria do venres 15 de marzo de 2019, aprobou o seguinte ACORDO:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Modificación da Ordenanza núm. 23 reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Dodro

Vista a ordenanza núm. 23 reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Dodo, aprobada en sesión ordinaria o día 18 de setembro de 2015 e publicada no BOP o 24 de decembro de 2015, procede a adaptación da mesma á lexislación vixente.

As posibles adaptacións a considerar fundaméntanse no disposto:

- Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, publicada no DOG número 34 de 19 de febreiro 2016, en adiante LSG.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Dodro, en adiante PXOM, aprobado definitivamente segundo a Orde de 27 de decembro de 2010 publicada no DOG número 6 de 11 de xaneiro de 2011.

Analízase a documentación detallada anteriormente e conclúese que é viable realizar unha actualización da ordenanza en vigor da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Dodro, co fin de adaptala á lexislación vixente, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación municipal a seguinte proposta:

Primeiro.- A aprobación provisional da modificación dos artigos **1, 5, 7, 9 da Ordenanza núm. 23 reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Dodro** quedando coa seguinte redacción:

Artigo 1. Fundamento

A presente ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e tamén na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016.

Artigo 5. Definicións

Para os efectos desta ordenanza, defínense os seguintes termos:

- Solo urbano: Terreos que o planeamento urbanístico (PXOM) tivera definido e



clasificado como tal en virtude do disposto no artigo 16 da Lei 2/2016.

- Núcleos rurais: Terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 2/2016.
- Solo urbanizable delimitado: Terreos que non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico o planeamento urbanístico tivese definido e clasificado como tal ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados no artigo 27 da antedita Lei 2/2016.
- Xestión da biomasa: A creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza. Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado teñen unha natureza residencial ou habitacional, polo que os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios de vexetación, deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.
- Repoboación forestal: introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.
- Forestación: repoboación, mediante sementeira ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba dedicado a outros usos non forestais.
- Reforestación: a reintrodución de especies forestais, por medio de sementeira ou plantación, en terreos que xa estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

Artigo 7. Criterios de xestión da biomasa.

1. A data límite para que as persoas responsables dos terreos localizados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable acometan a xestión da biomasa de acordo co establecido neste artigo será a marcada pola Lei de Incendios de Galicia vixente para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa. Pese a isto, as parcelas deberán manterse en adecuado estado de limpeza, ornato, salubridade e seguridade ao longo de todo o ano.

2. Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme os seguintes criterios:

a) Roza par a elimimación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación.

b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha descontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en áreas catalogadas como zonas verdes, en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

3. Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa no plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, estarase ao disposto



na lei de incendios de Galicia vixente.

4. Tal e como establece a disposición transitoria terceira Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais, mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto no artigo 21 da lei, descritas no punto 3 deste artigo.

Artigo 9. Prohibicións e distancias das repoboacións forestais e plantacións.

1. De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de Montes de Galicia, queda prohibida a repoboación forestal (sementas ou plantación) en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable.
2. No seu caso as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes, deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, e instalacións industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas, e de 30 metros no resto de especies, tal e como establece a lei 7/2012 de montes de Galicia.
3. Nas plantacións de froiteiras e ornamentais serán as fixadas na correspondente ordenanza urbanística deste Consello e de non existir serán as fixadas pola normativa que resulte de aplicación.
4. Dentro das categorías de solo anteriormente citadas permitirase a plantación das seguintes especies:

Cerdeira: *Prunus aviun* L.

Nogueira: *Juglans regia* L.

Froiteiras

Ornamentais

5. Nos supostos de plantacións de árbores froiteiras, árbores ornamentais, cerdeira e nogueira en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable deberá respetarse un marco de plantación de cando menos 7 metros entre cada pé, gardando as seguintes distancias:
 - 4 metros respecto ao límite das parcelas colindantes e co dominio público de vías de comunicación (autopistas, autovías, corredores, vías rápidas, estradas convencionais, camiños, ferrocarril...).
 - 5 metros dende a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica.
 - 5 metros con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho.
 - 15 metros respecto a edificacións, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais.
 - 25 metros con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes nas que se desenvolvan actividades perigosas con arranxo ao establecido na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento.



**Concello de
Dodro**

Lg. Tallós,32 - 15981 Dodro (A Coruña)

CIF: P1503300D

Tfno: 981 802 062 Fax: 981 802 142

info@concellodedodro.org

www.concellodedodro.org

6. As distancias no caso de edificacións mediranse desde o seu paramento.

Segundo.- Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello www.concellodedodro.org co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto».

Dodro, 11 de marzo de 2019

O alcalde

Valentín Alfonsín Somoza